



A ÁREA SANITARIA DE VIGO VEN DE INCORPORAR 7 FACULTATIVOS AOS CENTROS DE SAÚDE E PAC

- ***A pasada semana rematouse o procedemento para dotar de estabilidade e cubrir con nomeamentos de interinidade 6 prazas vacantes de medicina familiar e comunitaria, ademais doutro nomeamento de longa duración dunha reserva de praza***
- ***Con esta medida avánzase no obxectivo de reducir a taxa de eventualidade da organización e na aposta da sanidade viguesa pola estabilidade no emprego dos profesionais***

Vigo, 9 de setembro de 2021. A Área Sanitaria de Vigo ven de realizar 7 novas incorporacións estables de médicos e médicas aos equipos profesionais da atención primaria.

Así, a pasada semana rematouse o procedemento para cubrir con vínculos de interinidade 6 prazas vacantes de medicina familiar e comunitaria, e cun vínculo de longa duración a unha reserva de praza.

En concreto, os 7 profesionais de medicina xeral incorporáronse aos seguintes centros: 1 en A Cañiza, 1 en Coia, 1 en Gondomar, 1 en Moaña, 1 en Ponteareas, 1 en O Rosal e 1 ao PAC de Val Miñor.

Con esta medida, a Área de Vigo sigue avanzado no obxectivo de reducir a taxa de eventualidade da organización en aras de dotar de maior estabilidade no emprego aos profesionais, favorecendo a conciliación laboral e familiar e mellorando tamén a continuidade asistencial.

